



ciclo de cine  
Cine de sempre



## CINE DE SEMPRE

A maior parte de nós criamos a nosa cinefilia nas sesións de tarde, entre piratas e pistoleiros, entre os sorrisos e as viaxes a eses outros mundos. Moitos, nas pantallas de televisión, os máis afortunados nas salas de cinema.

Nas vindeiras semanas queremoslle render homenaxe a algúns títulos claves da cinematografía estadounidense, filmes capitais do xénero de aventuras, da comedia e o *western*.

Recorrendo a películas tan sinaladas non será difícil que entre os seus directores atopemos algúns dos mellores profesionais do vello sistema de estudos hollywoodiense: Anthony Mann, Victor Fleming, Frank Capra, Billy Wilder, Howard Hawks ou John Huston.

Repasando parte desa historia cinéfila, volveremos ao vello Oeste na compañía do home de Laramie e o sheriff Chance. Seremos quen de sorrir unha e mil veces máis co absurdo dos Marx, a loucura do arsénico, e a torpeza de Peter Sellers. A melena da Lake, a crítica social e a sátira acompañarannos na viaxe como vagabundos. Mais a ollada tornará en acidez cando cheguemos coma unha ascensorista ao apartamento de Jack Lemmon.

No mar sacaremos as redes e as bágoas mentres Manuel nos converte en capitáns coraxosos. Tentearemos se facernos piratas rumbo a Inglaterra con Anthony Quinn dirixindo o navío ou, da man de Kipling e Huston dedicarnos ao contrabando de armas na India de finais do XIX.

Volvamos aos recordos, e revisemos en pantalla grande algunhas imaxes clásicas.

Yolanda López  
Coordinadora do ciclo

# Duck Soup, 1933

## *(Sopa de ganso)*



**Dirección:** Leo McCarey  
**Producción:** Herman J. Mankiewicz  
**Guión:** Bert Kalmar e Harry Ruby  
**Fotografía:** Henry Sharp  
**Música:** Bert Kalmar, John Leipold e Harry Ruby  
**B/N**  
**Dur:** 70 min

**Intérpretes:** Groucho Marx, Harpo Marx, Chico Marx, Zeppo Marx, Margaret Dumont, Raquel Torres, Louis Calhern, Edmund Breese, Leonid Kinskey.

**Sinopse:** a República Democrática de Freedonia, un pequeno país centroeuropeo, en cuxa fronte se atopa o liberal señor Rufus T. Firefly, vese ameazada pola ditadura de Sylvania, país de vella e recoñecida solvencia como agresor. Dous espías de prestixio, Chicolini e Pinky serven a Sylvania, o que non impide que acaben sendo ministros do agora xa excelentísimo Firefly...

Malia ser o título que pola baixa acollida de público forzou no seu momento a saída dos Marx da Paramount, é hoxe por hoxe –xunto a *Unha noite na ópera*– un dos seus filmes máis recoñecidos. Xogando coa incoherencia das personaxes, os excelentes gags verbais e visuais, as imitacións de históricos coma Revere, Lee ou Grant, e a recolleita de frases míticas –«A quen vas crer, a min ou aos teus propios ollos?»–, «Se nos atopan, estamos perdidos»– o filme supón un dos mellores exemplos da cinematografía dos irmáns Marx, da súa mestría e característico sentido do humor. O surrealismo e o absurdo. A película ridiculiza a figura do tirano, o réxime ditatorial e os conflitos bélicos, en secuencias tan recordadas como a festa de benvida do presidente ou a batalla final. O título orixinal, *Duck Soup*, responde a unha frase en argot que significa algo doado de facer.

# Captains Courageous, 1937

## (Capitáns coraxosos)



**Dirección:** Victor Fleming  
**Producción:** Louis D. Lighton  
**Guión:** Marc Connelly,  
John Lee Mahin, Dale Van Every  
**Fotografía:** Harold Rosson  
**Música:** Franz Waxman  
**B/N**  
**Dur:** 116 min

**Intérpretes:** Freddie Bartholomew, Spencer Tracy, Lionel Barrymore, Melvyn Douglas, Charley Grapewin, Mickey Rooney, John Carradine.

**Sinopse:** un neno rico e mimado cae pola borda dun trasatlántico no que viaxa co seu pai. É recollido por un barco pesqueiro cuxa tripulación, da que forma parte Manuel Fidello, non se deixa impresionar pola súa riqueza e posición social.

Baseada na novela de Rudyard Kipling, Victor Fleming borda unha obra mestra do cinema de aventuras. Magnificamente interpretada por Lionel Barrymore, John Carradine, o neno Freddie Bartholomew –presente uns anos antes no *David Copperfield* de George Cukor–, Mickey Ronney –nuns dos seus primeiros traballos–, e un magnífico Spencer Tracy que conseguía así o seu primeiro Óscar –o actor chegou a estar nomeado até en oito ocasións–. Unha viaxe, non só por mar, unha viaxe de aprendizaxe, vital, humana, que respira clasicismo polos seus catro costados. Foi o primeiro filme que a Metro emitiu por televisión dezaioito anos despois da súas estrea.

# Sullivan's Travel, 1941 (As viaxes de Sullivan)



**Dirección, produción e guión:** Preston Sturges  
**Fotografía:** John Seiz  
**Montaxe:** Stuart Gilmore  
**Música:** Leon Shuken, Charles Bradshaw  
**Dirección artística:** Hans Dreier e Earl Hedrick  
**B/N**  
**Dur:** 91 min

**Intérpretes:** Joel McCrea, Veronica Lake, Robert Warwick, William Demarest, Franklin Pangborn, Porter Hall, Byron Foulger, Margaret Hayes.

**Sinopse:** John L. Sullivan é un famoso director de cine, popular polas súas comedias, que decide dar un xiro á súa carreira proponendo un novo filme; un drama sobre a pobreza, o paro e a vida dos vagabundos. Os magnates da produtora tentan convencelo de que o drama non é un xénero que domine ou entenda. Disposto a levar a facer esa película, decide disfrazarse de vagabundo para coñecer o verdadeiro estilo de vida dos máis pobres...

Cuarto filme de Preston Sturges, director destacado dos anos corenta, para moitos creador da *screwball comedy*, que ademais patentou inventos coma unha barra de labios «a proba de bicos» ou unha máquina teleimpresora. Guión escrito *ex profeso* para o actor, Joel McCrea, quen sorprendido e agradecido polo regalo volvería traballar co director en dous títulos máis. O propio Sturges propoñía como actriz protagonista a unha noviña Veronica Lake de 22 anos, que aceptou o papel embarazada, estado que tentou manter en secreto, até que a metade da rodaxe houbo que disimularlo co vestiario creado por Edith Head. Humor e sátira para ironizar sobre a opulencia desmesurada, as obsesións de Hollywood, a violencia do cárcere, a inseguridade cidadá, as penurias dos indixentes, a segregación racial, os matrimonios fiscais... Certas tinturas autobiográficas, e tenras citas a Capra e Lubitsch.

## Arsenic and Old Lace, 1944 (*Arsénico por compaixón*)



**Dirección e produción:** Frank Capra

**Guión:** Julius J. Epstein

e Philip G. Epstein

**Fotografía:** Sol Polito

**Música:** Max Steiner

**B/N**

**Dur:** 118 min

**Intérpretes:** Cary Grant, Josephine Hull, Jean Adair, Priscilla Lane, Raymond Massey, Peter Lorre, John Alexander, Jack Carson, John Ridgely.

**Sinopse:** un escritor a piques de casar viaxa á casa das súas vellas tías para a despedida, descubriendo que se dedican a «aliviar» con arsénico as penas dos homes solitarios. Os problemas aumentan cando o irmán do escritor, convertido en delincuente chega á casa...

Baseada na peza teatral epónima de Joseph Kesselring e adaptada polos xemelgos Epstein, guionistas da afamada *Casablanca*. Acertadísimo reparto onde cada un dos actores semella roubar plano ao anterior: desde Peter Lorre –que viña de traballar en *O falcón maltés*– até Raymond Massey como Jonathan –papel de Boris Karloff na versión teatral–. Comedia tola, sentimental e negra onde se mesturan a intriga e o enredo cun ritmo vertixinoso. Como pouso do director, nunha das lápidas do filme figura o nome real de Cary Grant (Archie Leach). O seu ton de comedia negra serviría de clara inspiración once anos máis tarde en *O quinteto da morte* de Alexander MacKendrick, ao que non lle faltou hai pouco un *remake* dos irmáns Coen, *Ladykillers*.

## The Man from Laramie, 1955 (O home de Laramie)



Dirección: Anthony Mann  
Producción: William Goetz  
Guión: Philip Yordan e Frank Burt  
Fotografía: Charles Lang  
Música: George Duning  
Cor  
Dur: 101 min

**Intérpretes:** James Stewart, Arthur Kennedy, Donald Crisp, Cathy O'Donnell, Alex Nicol, Aline MacMahon, Wallace Ford, Jack Elan, John War Eagle.

**Sinopse:** O home de Laramie chega á vila cun único obxectivo: atopar ao home que lle vendeu rifles aos indios que asasinaron a seu irmán. Entre os sospeitosos atópanse, un arrogante dono dunha facenda, o seu desapiadado fillo e o capataz do seu rancho.

O último gran *western* de Mann antes de se mergullar en proxectos máis ambiciosos coma *O Cid* (1961). É o seu primeiro filme rodado por primeira vez en formato *scope*. Conto tenso e trágico, que recolle os principais temas do xénero: vinganza, avaricia, conflitos familiares ou a implicación da paisaxe na psicoloxía das personaxes, e no que algúns ven claramente reflexos de *O rei Lear* de Shakespeare. O tema principal, a canción memorable, *The West will never see a man with so many notches on his gun* (*O Oeste nunca verá un home con tantas amosegas na súa pistola*), reflicte as relacións entre homes desesperados e obsesionados nunha paisaxe de fondo que resalta esa loucura.

## Río Bravo, 1959



**Dirección:** Howard Hawks  
**Producción:** Howard Hawks  
**Guión:** Jules Furthman  
e Leigh Brackett  
**Fotografía:** Russell Harlan  
**Montaxe:** Folmar Blangsted  
**Música:** Dimitri Tiomkin  
**Dirección artística:** Leo K. Kuter  
**Cor**  
**Dur:** 141 min

**Intérpretes:** John Wayne, Dean Martin, Ricky Nelson, Angie Dickinson, Walter Brennan, Ward Bond, John Russell, Pedro González-Gonzalez.

**Sinopse:** o sheriff Chance desafía, xunto a un reducido grupo de homes, a un rico terratenente que está empeñado en sacar ao seu irmán do cárcere, un mozo aloucado que acaba de cometer un asasinato...

O filme naceu como resposta de Howard Hawks ante o visionado de *Só ante o perigo* de Fred Zinnemann, no que el entendía como malinterpretación das verdades e principios do western, «...un bo *sheriff* nunca tería actuado dese xeito...». Para iso bota man dos seus dous guionistas máis fieis: Jules Furthman e Leigh Brackett. Os decorados da rúa principal da vila foron construídos a escala 7/8 para darlle máis presenza aos actores. Atención ao arranque do filme, catro minutos sen palabras onde se nos presenta o personaxe de Dean Martin. Xunto a el un sempre magnífico Walter Brennan –actor secundario máis premiado, conta no seu haber con tres Óscares–, un cantante de moda na época, Rickie Nelson, e por segunda ocasión traballando con Hawks, John Wayne –do que este ano se celebran os cen anos do seu nacemento–. Título de referencia para xeracións posteriores, John Carpenter inspirouse nel para o argumento do seu *Asalto á comisaría do distrito 13* en 1976.

# The Apartment, 1960

## (O apartamento)



**Dirección e Producción:** Billy Wilder  
**Guión:** Billy Wilder e I. A. L. Diamond  
**Fotografía:** Joseph LaShelle  
**Montaxe:** Daniel Mandell  
**Música:** Adolph Deutsch  
**Dirección artística:** Alexandre Trauner  
**B/N**  
**Dur:** 125 min

**Intérpretes:** Jack Lemmon, Shirley MacLaine, Fred MacMurray, Ray Walston, David Lewis, Jack Kruschen, Joan Shawlee, Edie Adams, Hope Holiday.

**Sinopse:** C.C. Buxter é un modesto empregado dunha compañía de seguros de Manhattan. É solteiro e vive só no seu discreto apartamento, que presta ocasionalmente aos seus superiores para os encontros coas súas amantes; incluído o xefe, Jeff D. Sheldrake, quen mantén relacións coa ascensorista da empresa, Fran, de quen Baxter está namorado...

Premiada con cinco (película, director, montaxe, guión, director artístico) dos dez Óscares aos que optou, e a copa Volpone á mellor actriz para Shirley MacLaine. O propio Wilder comentaba nas súas memorias que a idea orixinal xurdira a raíz do filme *Breve encontro*, do británico David Lean; película na que un home e unha muller manteñen unha relación extramatrimonial e acoden a un piso dun terceiro para materializar o seu amor. O guión, coescrito coma en tantas ocasións con I. A. L. Diamond, refacíase a diario, e foise tinxindo de acidez, crítica e amargura, até desembocar nunha das reflexións máis lúcidas sobre o oportunismo. Para a imaxe da inmensa oficina –presentada como colmea de avellas– Alexandre Trauner, deseñou cen mesas normais, duascenas máis pequenas (con figurantes de menor estatura), e outras de cartón no último plano. Conta a lenda que cos ingresos, Wilder adquiriu un Monet co que iniciou unha das coleccións pictóricas máis importantes dos EE.UU.

# A High Wind in Jamaica, 1965

## *(Vento nas velas)*



**Dirección:** Alexander MacKendrick

**Producción:** John Croydon

**Guión:** Stanley Mann, Ronald Harwood e Denis Cannan

**Fotografía:** Douglas Slocombe

**Montaxe:** Derek York

**Música:** Larry Adler

**Dirección artística:** John Hoesli

**Cor**

**Dur:** 103 min

**Intérpretes:** Anthony Quinn, James Coburn, Dennis Price, Lila Kedrova, Nigel Davenport, Isabel Dean, Kenneth J. Warren, Ben Carruthers, Gert Fröbe, Brian Phelan.

**Sinopse:** Os Thornton, un matrimonio que vive en Jamaica, deciden enviar aos seus fillos a estudar a Inglaterra ao arrasarse a illa un furacán. A nai dáse de conta do efecto que vivir entre salvaxes está a ter nos seus fillos. O navío no que parten é asaltado por un barco pirata no que os nenos terminan atrapados por accidente...

Filme de piratas e nenos, no que por momentos se xoga a mudar os roles. Desmontando o mito do pirata feroz preséntase a figura dun mesmo tenro Anthony Quinn, e o seu antagonista James Coburn. A música de Larry Adler inspírase en melodías hispanas, ás que se lles engaden composicións que realzan o clima de dislocación das diferentes personaxes a bordo do navío. A película recupera todos os ingredientes deste subxénero, subliñado en secuencias coma a dos nenos deslizándose sobre a cuberta ou a intervención de Gert Frobe –actor coñecido polo seu traballo en *Goldfinger*– como capitán holandés.

## The Party, 1967 (A festa)



**Dirección:** Blake Edwards  
**Producción:** Blake Edwards e Ken Wales  
**Guión:** Blake Edwards, Tom Waldman e Frank Waldman  
**Fotografía:** Lucien Ballard  
**Música:** Henry Mancini  
**Cor**  
**Dur:** 99 min

**Intérpretes:** Peter Sellers, Claudine Longet, Natalia Borisova, Jean Carson, Marge Champion, Al Checco.

**Sinopse:** Hrundi V. Bakshi é un torpe extra de orixe hindú que se atopa rodando unha película no deserto, mais é despedido polas súas continuas metidas de zoca. Por un erro recibe o convite a unha festa organizada polo produtor da súa última película. Na festa Hrundi non coñece a ninguén e ante tanta sofisticación social, comezarán a sucederse curiosas situacións...

O filme arranca cunha parodia da película *Gunda Din* George Stevens. Unha das películas máis queridas de Blake Edwards, que catro anos despois de *A pantera rosa* repite claves cómicas botando man do pouco valorado Peter Sellers. Recolle por momentos a tradición do *slapstick*, dos gags de caídas e tropezoños tan célebres no cine silente, aos que se lles engaden diálogos ao máis puro estilo do absurdo e o surrealismo. Non perder conta da personaxe secundaria, o camareiro, ademais da magnífica banda sonora de Henry Mancini.

## The Man Who Would Be King, 1975 (O home que puido reinar)



Dirección: John Huston  
Producción: John Foreman  
Guión: John Huston e Gladys Hill  
Fotografía: Oswald Morris  
Montaxe: Rusell Lloyd  
Música: Maurice Jarre  
Dirección artística: Tony Inglis  
Cor  
Dur: 129 min

**Intérpretes:** Sean Connery, Michael Caine, Christopher Plummer, Saeed Jaffrey, Karroom Ben Bouilh, Jack May, Doghmi Larbi, Shakira Caine.

**Sinopse:** Danny Dravot e Peachy Carnehan son dous aventureiros que se dedican a percorrer o mundo. Agora atópanse na India de 1880. Sobreviven grazas ao contrabando de armas, de mercancías e outras dubidasas actividades. Un día deciden facer fortuna no lendario reino de Kafiristán. Logo dunha dura viaxe a través do Himalaya, acadan a súa meta xusto a tempo para facer uso da súa experiencia no combate e salvar a un pobo dos seus asaltantes...

Nomeada a cinco Oscars, e seguindo o relato de Rudyard Kipling, o filme contou con non poucas propostas para os seus dous protagonistas: Humphrey Bogart e Clark Gable (que faleceron na súa preproducción), Richard Burton e Peter O'Toole, ou Robert Redford e Paul Newman, quen suxeriu aos Danny e Peachy definitivos: Sean Connery e Michael Caine. Rodada en Marrocos e con máis de dous mil extras provenientes de diferentes pobos e tribos –entre eles os bereberes– recolle os principais temas da literatura de Kipling a o cine de Huston. Para moitos, o derradeiro filme de aventuras que roza a xenialidade.

# Calendario

## VIGO

- 19 abril | *O home de Laramie*
- 26 abril | *As viaxes de Sullivan*
- 3 maio | *Arsénico por compaixón*
- 10 maio | *A festa*
- 31 maio | *Río Bravo*
- 14 xuño | *Sopa de ganso*
- 21 xuño | *O apartamento*
- 28 xuño | *Vento nas velas*
- 5 xullo | *O home que puido reinar*
- 12 xullo | *Capitáns coraxosos*

20:00 h

Sede Fundación Caixa Galicia  
Policarpo Sanz, 21

## LUGO

- 16 abril | *Arsénico por compaixón*
- 23 abril | *Capitáns coraxosos*
- 8 maio | *As viaxes de Sullivan*
- 15 maio | *O home de Laramie*
- 22 maio | *O apartamento*
- 29 maio | *O home que puido reinar*
- 5 xuño | *A festa*
- 12 xuño | *Río Bravo*
- 19 xuño | *Vento nas velas*
- 26 xuño | *Sopa de ganso*

20:00 h

Sede Fundación Caixa Galicia  
Praza da Santa María

## OURENSE

10 abril | *O apartamento*

17 abril | *Río Bravo*

8 maio | *Capitáns coraxosos*

15 maio | *Sopa de ganso*

22 maio | *Vento nas velas*

29 maio | *A festa*

5 xuño | *O home de Laramie*

12 xuño | *As viaxes de Sullivan*

19 xuño | *Arsénico por compaixón*

26 xuño | *O home que puido reinar*

20:00h

Centro Sociocultural Fundación Caixa Galicia

Xoán XXIII, 31 - soto

[www.fundacioncaixagalicia.org](http://www.fundacioncaixagalicia.org)

 **FUNDACION CAIXAGALICIA**